

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS ESPECÍFICAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES EN MATERIA DE CULTURA, DEPORTE E PATRIMONIO HISTÓRICO.

BENEFICIARIOS - Escolas unitarias e CPI do Concello, entidades, sociedades ou asociacións culturais, deportivas ou de pais de alumnos debidamente constituídas e rexistradas conforme a lexislación de aplicación; comisións parroquiais ou veciñais, de festas patronais populares ou doutra natureza, que sen fin de lucro radiquen ou se domicilien no termo municipal e desenvolvan a súa actividade dentro do mesmo, en beneficio dos seus habitantes así como as igrexas parroquiais nas axudas para a conservación do patrimonio. (Exceptúanse desta convocatoria aquelas subvencións que consten asignadas nominativamente no orzamento municipal e as que sexan obxecto de convocatoria específica así como as becas de universitarios e os convenios de transporte escolar)

SOLICITUDES - As peticións dirixiranse ao Sr. Alcalde do Concello conforme ao modelo de instancia que se facilitará nas oficinas municipais acompañándose dunha memoria na que se fará mención á identidade da entidade solicitante e ás persoas beneficiarias directa ou indirectamente pola axuda, orzamento detallado da inversión a realizar e calendario da mesma, fotocopia compulsada do CIF, fotocopia compulsada dos estatutos polos que se rexe a entidade e se fose o caso acreditación da cualidade da representación que ostenta a persoa que asina a solicitude, certificado da entidade bancaria onde teña aberta a conta onde desexe que se ingrese a subvención; acreditación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social ou autorización para que a mesma sexa solicitada dende o Concello; declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas que determina o art. 13.2º da lei 38/2003 de 17 de novembro Lei Xeral de Subvencións segundo o modelo que se facilitará nas oficinas municipais. Deberá presentarse tamén declaración do conxunto de axudas solicitadas ou obtidas para a mesma finalidade-

PRAZO DE SOLICITUDE - Antes do vindeiro 31 de maio ou dentro do prazo de prórroga que no seu caso habilite a Xunta de Goberno Local, en tanto os créditos dispoñibles permitan a reprodución das convocatorias

PRAZO DE XUSTIFICACIÓN - O prazo de xustificación das axudas será sempre dentro do vixente exercicio orzamentario. A súa xustificación farase mediante facturas ou documentos debidamente acreditativos da efectiva realización do gasto, en orixinais ou fotocopias compulsadas.-

RESOLUCIÓN. A Xunta de Goberno Local por delegación resolverá as solicitudes presentadas tendo en conta as memorias adxuntadas, a importancia das actividades previstas

e os límites dos créditos orzamentarios que ascende aos seguintes:

334.480	= 25.000 €
341.480	= 10.500 €
336.480	= 12.000 €

Conforme as bases de execución do orzamento a) os beneficiarios quedan obrigados a facilitar tanta información lles sexa requirida polo Consello de Contas b) o Concello resérvase a posibilidade de revisión das subvencións concedidas pola alteración das condicións que se tiveron en conta para o seu outorgamento c) procederá o reintegro da subvención con esixencia do interese de demora dende o momento do pago nos casos que se tivese obtido sen reuni-las condicións requiridas para elo, ou se incumprise a finalidade para a que foi concedida.

PUBLICIDADE - Tanto na primeira convocatoria como nas sucesivas prórrogas que puidesen acordarse pola Xunta de Goberno Local serán obxecto de publicidade axeitada no BOP, no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web-www.concellodeopino.com.

O Pino, a 2 de maio de 2017

O Alcalde,

Asdo/Manuel Taboada Vigo